

A ESTRUCTURA DAS PALABRAS

A **palabra** é unha unidade lingüística con significado, non mínima, xa que se pode dividir en **monemas**.

Os **monemas** son as unidades lingüísticas máis pequenas dotadas de significado en que poden descompoñerse as palabras.

Por exemplo, a palabra *librarías* está composta por tres monemas *libr-aría-s*.

Os monemas poden dividirse en **lexemas** e **morfemas**:

Lexemas: achegan o significado léxico.	Independentes ou libres	<i>pan, coche, auga...</i>			
	Dependentes ou ligados	<i>galeg-a, pan-ad-eiro...</i>			
Morfemas: achegan significados gramaticais ou doutro tipo (lugar, acción, etc.)	Independentes ou libres	Son os determinantes, os pronomes, as preposicións, as conxuncións...			<i>de, en, o, desde, que...</i>
	Dependentes ou ligados	Derivativos: permiten crear palabras novas.	Prefixo	<i>des-facer, pre-cociñado...</i>	
			(Infixo)	Son elementos de unión que carecen de significado. Sitúanse entre o lexema e os morfemas derivativos para evitar cacofonías.	<i>nai-c-iña, cafe-t-ería, pan-ad-eiro...</i>
			Sufixo	<i>perso-al, ourens-án, pel-axe</i>	
		Alterativos: engaden matices de significado (tamaño, afectividade, valoración...).	Diminutivos*	-iño/a, -elo/a, -ico/a, -echo/a *Poden indicar afectividade (filliño)	<i>Pequ-echo, cach-iño...</i>
			Aumentativos	-azo/a, -ón/ona, -udo/a	<i>libr-azo, cabez-ón...</i>
			Despectivos	-exo, -oupo/a, -ucho/a, án/ana	<i>avogad-ucho, mentir-án...</i>
		Flexivos: engaden información gramatical (xénero, número, persoa, tempo, modo...)	Xénero	<i>gat-o, alcald-esa...</i>	
			Número	<i>candea-s, túnel-es...</i>	
			Desinencias verbais	<i>cant-a-ría-s, com-e-r</i>	

****En nomes sen flexión de xénero, como *zapato*, ou nos verbos (*cant-a-r*) atopamos **vogal temática**.**

Exemplos de segmentación

- **nenos**

nen-: lexema

-o-: morfema flexivo de xénero (masculino)

-s: morfema flexivo de número (plural)

- **cantabamos**

cant-: lexema ou raíz

-a-: vogal temática

-ba-: morfema flexivo, desinencia verbal, modo-tempo (copretérito de indicativo)

-mos: morfema flexivo, desinencia verbal, número-persoa (1ª persoa do plural)

- **gaiteiro**

gait-: lexema

-eir-: morfema derivativo sufixo (profesión)

-o: morfema flexivo de xénero (masculino)